

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b></p> <p>A avaliación é global, continua, formativa e estará unida ao desenvolvemento do proceso de ensino- aprendizaxe. Nesta etapa, debe servir para detectar, analizar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado, así como as súas aprendizaxes, sempre en función das características individuais de cada neno/a. A avaliación permítenos axustar a práctica educativa ás necesidades de cada un dos alumnos, especialmente de cara ao curso que vén.</p> <p>Neste caso levarase a cabo unha avaliación continua a través da comunicación coas familias, o que nos permitirá coñecer se van construíndo as aprendizaxes así como os avances e progresos que van conseguindo. Basearase por tanto na información compartida coa familia a partir da súa observación directa e sistemática nas diferentes situacións e momentos (comportamento nos xogos, diálogos, cooperación nas tarefas cotiás...). Valoraranse tamén as actividades e o traballo proposto ao longo do trimestre (tarefas e libros enviados).</p> <p>Coa información recollida, ademais da observada durante o primeiro e segundo trimestre, valorarase o grao de consecución respecto aos obxectivos e ás competencias básicas co fin de establecer propostas de mellora, atención á diversidade futura...</p> <p><b>Instrumentos</b></p> <p>Os instrumentos empregados para a avaliación do alumnado serán:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Rexistro do traballo realizado polo alumnado a través de conversas coas familias.</li><li>- Pautas de observación de hábitos e contidos en colaboración coas familias.</li></ul> <p>De acordo coa información compartida coa familia e coa que xa se tiña do 1º e 2º trimestre a final de curso elaborárase un informe anual individualizado no que se reflectirán os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua e que recollerá o grao de consecución xeral dos obxectivos, así como as medidas de reforzo e adaptación que, se é o caso, fosen empregadas. Ademais, contemplaranse tamén as medidas, contidos, competencias... pendentes para o curso que vén, especialmente no caso do alumnado que remata etapa, o que se complementará coas avaliacións iniciais futuras.</p>
<b>Cualificación final</b>	Para a cualificación final terase en conta a información compartida coas familias durante o período de confinamento, así como as aprendizaxes construídas ao longo do primeiro e segundo trimestre.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	En educación infantil non contemplamos esta medida
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Non se dá o caso de alumnado con materia pendente de educación infantil

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>As actividades que se propoñen ao longo deste trimestre para o alumnado dos diferentes cursos de educación infantil son principalmente de <u>consolidación, reforzo e repaso</u> do construído durante o primeiro e segundo trimestres. Tratan de ser actividades motivadoras e variadas que fomenten a observación, manipulación e creatividade do alumnado; á vez que se trata de tarefas que implican habilidades xa coñecidas (recortado, rasgado, picado, pegado, pintado, debuxo...) co fin de que non resulte difícil a súa explicación para as familias.</p> <p>No último curso de educación infantil e de acordo coas demandas do propio alumnado, coñecidas a través das conversas coas familias, propóñense tamén <u>actividades de ampliación</u>, en función do alumnado. Por exemplo, hai alumnas que demandan novas letras para ler (como c-z, qu, ch ou ll, que non chegamos a ver no centro) ou novas operacións aritméticas (sumas de dous díxitos, sumas cuxos resultados sexan números entre 10 e 20)... que son elaboradas especificamente para elas e que lle permiten ir ampliando, á vez que reforzando, as aprendizaxes construídas ao longo do curso.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A práctica educativa está marcada por unha metodoloxía que ten en conta a diversidade do alumnado, así como os diferentes ritmos de aprendizaxe. Atenderase ao desenvolvemento da autonomía, a aprendizaxes vinculadas a tarefas cotiás e a certos contidos curriculares en función da idade e das características individuais.</p> <p>Todos os luns se publican na web as tarefas propostas para a semana, organizadas por cursos, para o diferente alumnado de infantil. Estas constan de:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Actividades nos cadernos. En 6º de infantil establécense e explícanse as páxinas propostas por días, similares ás que faciamos na escola. En 4º e 5º de infantil non se establecen as páxinas exactas senón que se deixa liberdade para que vaian facendo cada día unha ou dúas folliñas.</li><li>- Follas de sumas, restas e lectura para o alumnado de 6º de infantil (unha de cada por semana).</li><li>- 5 propostas diferentes e variadas, unha para cada día. Aquí inclúense a creación dun semilleiro con materiais reciclados, a elaboración de plastilina caseira, a realización de manualidades con materiais reciclados, a creación de xogos como o memory con tapóns; entre outras.</li><li>- Actividades das diferentes especialidades: música (con audios, cancións, discriminacións auditivas), ed física (con propostas de xogos e retos) e lingua inglesa.</li></ul>

	<p>O alumnado con conectividade accede directamente á web e dende alí olla as propostas da semana, que non é necesario imprimir. Pola súa parte, ao alumnado sen conectividade envíaselle a través do teléfono móbil (vía whatsapp) os documentos pdf coa proposta de tarefas para a súa visualización e realización.</p> <p>No caso de educación infantil non se lles pide que reenvíen os resultados das tarefas, senón que a través da comunicación coas familias imos sendo coñecedores da súa realización, avances, dificultades... e así podendo orientar as actividades futuras.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Os materiais empregados inclúen tanto materiais xa elaborados (libros, cadernos) como materiais elaborados por nós e polas familias (xogos como o memory, follas de tarefas...), adaptados á idade e ás diferentes situacións.</p> <p><u>Material para o alumnado</u></p> <p>Dende o centro educativo fixemos chegar ao alumnado ás súas casas, a través do Concello, o seguinte material didáctico:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Libros e cadernos de traballo (con trazos, números, debuxos...) adaptados á idade.</li> <li>- Material elaborado polo propio profesorado para a realización das diferentes actividades e proxectos (que se pode consultar na web do centro todos os luns e que o Concello lles fai chegar impreso se así o solicitan).</li> <li>- Materia funxible (plastilina, recortes de papel de distintos tipos, tesoiras, punzón e almofadas, lapis, gomets, folios e papeis de revista) que se lle fixo chegar ás casas do alumnado a través do Concello, en bolsas individuais.</li> <li>- Xoguetes para o xogo simbólico da súa casa.</li> <li>- Libros de lectura do centro emprestados que o Concello achega todos os xoves ás casas dos nenos e nenas que así o soliciten (Biblioteca móbil).</li> <li>- Material observable do entorno: follas, pedras... e material reciclado.</li> </ul> <p><u>Material do profesorado</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas e recursos didácticos para orientar o desenvolvemento dos proxectos.</li> <li>- Vídeos, audios, recursos Tics atopados na web.</li> <li>- Ordenador e outros dispositivos electrónicos (como tableta ou teléfono)</li> </ul>